

Asunto: Solicitud de documentación acreditativa dos méritos alegados polos dous participantes que obtiveron a mellor puntuación no concurso para a provisión de dous postos vacantes na Institución do Valedor do Pobo (Resolución do 15 de novembro de 2021).

Resoltas e notificadas aos interesados as alegacións presentadas á resolución da Comisión de Avaliación pola que se facía pública a valoración provisional dos méritos dos solicitantes, e publicadas na páxina web da Institución, con data 10 de marzo de 2022, as puntuacións definitivas resultantes dos méritos alegados no formulario electrónico baixo declaración responsable por cada unha das persoas participantes no concurso, cumpre agora solicitar ás dúas persoas que figuran coa maior puntuación, a remisión da documentación acreditativa dos méritos alegados no formulario presentado, para que poidan ser comprobados pola Comisión de Avaliación e así, de ser o caso, proceder a realizar a proposta de resolución do concurso á Valedora do Pobo.

Coa data de hoxe solicítase mediante notificación fidedigna ás persoas que figuran nos dous primeiros postos das puntuacións definitivas publicadas, para que, no prazo de dez días hábiles dende a recepción da presente comunicación, remitan a esta institución a documentación xustificativa dos méritos alegados na súa solicitude de participación (orixinal ou copia compulsada), para a súa comprobación por esta Comisión.

De non presentarse a documentación acreditativa no prazo concedido, ou non acreditar a persoa requirida os méritos alegados, decaerá no seu dereito de participación neste procedemento, e procederase a realizar chamamentos sucesivos seguindo a orde das puntuacións definitivas publicadas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Presidenta

Secretario

Vogal